



ANEXO DE ADAPTACIÓN Á NOVA ORDE DE AVALIACIÓN

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia supón unha importante modificación no calendario e procedemento de avaliación polo que cómpre revisar e adaptar as programacións didácticas do noso departamento.

A adaptación á nova orde concrétase nos seguintes puntos:

Con respecto aos cursos da ESO:

- Elimínase da programación toda referencia á proba extraordinaria.
- Na semana do 6 de xuño de 2022 terá lugar a terceira avaliación. Coas notas das tres avaliacións calcularase un valor provisional para a cualificación da avaliación ordinaria seguindo o criterio sinalado na programación, media das tres avaliacións. Para superar a materia será preciso que a media das tres avaliacións sexa superior ou igual a 5 e as notas das diferentes avaliacións sexan superiores a 4, para poder facer media entre elas.
- Deberán ir ao exame final de xuño aqueles estudantes que teñan algunha das avaliacións suspensas, tras os procesos de recuperación trimestral xa explicados na programación. Polo tanto, esta proba escrita poderá ser dunha, de dúas ou das tres avaliacións.
- Esta proba de xuño seguirá constituíndo o mesmo porcentaxe que viñan valendo os exames por trimestres (70%, 50%, 60%...) da nota final, sendo o porcentaxe restante o traballo diario, parte que é irrecuperable.
- Só no periodo entre a terceira avaliación e a ordinaria de xuño, contemplaranse para o cómputo do 30% da nota final, actividades e traballos na aula.